

INFORMACIÓN SOBRE INSCRICIÓN DE RECÉN NACIDOS/AS

Para a presentación da documentación é requisito solicitar cita previa a través da dirección www.xustiza.gal.

- As **persoas proxenitoras** deberán acudir ao Rexistro Civil coa **“FOLLA AMARILLA” do hospital** (documento nº 1), cuberta na primeira folla por ambas as caras, con **letra maiúscula, clara e lexible**, e asinada na cara posterior. Así mesmo, deberá estar cuberta e asinada polo hospital na segunda folla.
- Deberán **achegar os DNI, NIE ou pasaportes orixinais** das persoas solicitantes, xunto con **fotocopias**.
- As inscricións de recén nados ou recén nadas **tuteladas pola Xunta de Galicia**, as de **persoas proxenitoras menores de idade**, as **inscricións fóra de prazo** e aquelas nas que exista **presunción de paternidade**, tramitaranse **por procedemento extraordinario**, sendo igualmente necesaria a solicitude de cita previa.

IMPRESOS NECESARIOS PARA A INSCRICIÓN:

IMPRESO nº 1: Cuestionario de declaración de nacemento (*Folla amarela do hospital*)

IMPRESO Nº2: Dilixencia de autenticación do cuestionario

IMPRESO Nº3: Declaración de transmisión do primeiro apelido (*no caso de primeiro fillo ou primeira filla en común*)

IMPRESO Nº4: Declaración de estado civil(*cando a nai non estea casada e sexa estranxeira*)

IMPRESO Nº5: Boletín estatístico de parto(*a recoller no Rexistro Civil – folla rosa*)

A) PERSOAS CASADAS: Para a presentación da documentación só será necesaria a comparecencia de un deles.

- Imp. Nº1: Primeiro/a fillo/a. **CUBERTO e ASINADO por AMBOS proxenitores.**
- Imp. Nº1: Con máis fillos/as comúns. **CUBERTO e ASINADO polo proxenitor que o presenta.**
- Imp. Nº2: **CUBERTO e ASINADO polo proxenitor que o presenta.**

B) PERSOAS NON CASADAS: Para a presentación da documentación deberán comparecer ambos proxenitores.

- Imp. Nº1: **CUBERTO e ASINADO por ambos proxenitores.**

- Imp. Nº2: *Cada proxenitor deberá CUBRIR y ASINAR o seu propio impreso. C) EN*

TODOS OS SUPOSTOS:

- Imp. Nº3: *Para CUBRIR e ASINAR conxuntamente por ambos proxenitores, indistintamente do seu estado civil, no caso de ser o primeiro/a fillo/a en común.*
- Imp. Nº4: *Se lles facilitará na Oficina do R. Civil e o cubrirán no portelo, no seu caso.*
- Imp. Nº5: *Se lles facilitará na Oficina do R. Civil e o cubrirán no portelo.*